

II obradoiro de creación literaria Victoriano Taibo: Desenvolvendo o nobelo

Marta Dacosta Alonso

Datas:	Outubro: 4, 11, 25 Novembro: 8, 15, 22, 27
Horario:	sábados de 11: h a 12:30 h, agás o 27 de novembro, xoves, que será ás 20:30
Lugar:	Sede do IEM, avda da Feira nº 10, baixo.

Sesións

Iniciaremos cada sesión cunha reflexión inicial sobre: a importancia da lectura para a persoa que escribe, o uso das figuras retóricas, a selección das fontes literarias, a inspiración, a técnica... e a partir desa reflexión inicial realizarase a creación dun texto que logo leremos e comentaremos entre todas e todos. En varias ocasións traballaremos con textos de Victoriano Taibo, autor que dá nome ao Obradoiro.

1. Que foi antes a escrita ou a lectura:

"Tes que facer a montaña cos libros lidos e descubrir cal é o punto máis alto. Le, le febrilmente, e aplícate tamén a escribir. Rompe tantos papeis como precisas até acháreste diante do libro que che gustaría ler." Resposta a X.P., un mozo que quería ser escritor, Marica Campo

Tratarase da importancia da lectura para iniciarse na escrita. Preferencias literarias. Lectura necesarias. Creación a partir de determinadas obras como modelos.

2. Coa axuda das imaxes:

"fago versos sin cultura nin preparación. De onde tira-lo celme que choia a eficacia que vostede desea? Avella escura do cortizo da Terra, -só da Terra!- non teño máis celme que o que deito nos meus versos...", Victoriano Taibo, en Manoel-Antonio, *Correspondencia*.

Análise do poema *A Tecedeira* de Victoriano Taibo, centrado nos diferentes recursos literarios e a súa rendibilidade.

Creación de figuras retóricas

3. Fotografando emocións:

"Cada vez que dou un mergullo na miña vida apaño retrincos desleixados... que agora vou aproveitando...nos meus soaces literarios" Castelao, *Retrincos*.

Reflexión sobre as fontes literarias. A experiencia como a mellor fonte literaria para describir sentimentos e emocións.

Creación a partir da experiencia.

4. O material co que traballamos:

"...quero voltarche / aquelas verbas doces como o mel / que deprendín dos teus beizos" Manuel María, *Mar Maior*

Importancia da lingua no proceso da escrita. Escollas lingüísticas.

Creación a partir da modificación das escollas lingüísticas de textos xa escritos.

5. Máis alá de Calíope e Erato:

"Para facer unha novela fai falta boa imaxinación e boa prosa. Hai estupendas historias desaproveitadas e boas prosas que non teñen historia. O segredo dunha boa novela está en contar con eses dous elementos". Antón Riveiro Coello.

Para escribir non basta coa inspiración, aínda que esta é necesaria, cómpre tamén traballo.
Creación de relatos a partir de indicacións sobre extensión e tema.

6. O outro lado da música, a poesía:

"Calquer que fose o principio de todo, o único seguro, é que produciu un ruído... só falta aplicarlle un significado... para poder definilo como música. Ou como palabra", Luísa Villalta, o outro lado da música, a poesía.

Importancia do ritmo na poesía. Como crear o ritmo.

Creación de poemas.

7. Lectura ou recital

"Eu cantar, cantar, cantei" Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos*